

## NOTA DE PRENSA

# A FEIRA DO LIBRO DE VIGO CONTINÚA COA SÚA ANDAINA NA ALAMEDA – PRAZA DE COMPOSTELA

*A fin de semana contou cunha notable asistencia, e o seu horario ampliouse de 11:00 a 14:00 horas e de 18:00 a 22:00 horas*

**1 de xullo de 2013.-** A Feira do Libro de Vigo, que este ano cumpre a súa edición número 39 desenvólvese na **Alameda – Praza de Compostela**, ata o domingo 7 de xullo.

Os postos de exhibición e venda de libros están abertos **de 11:00 a 14:00 horas e de 18:00 a 22:00 horas**, unha hora máis do previsto inicialmente, por decisión dos libeiros ante a boa acollida da cita.

A fin de semana foi moi positiva, con bo ambiente e unha notable asistencia tanto á Feira como as distintas actividades para o público.

Algunha destas actividades están promovidas dende a Editorial Galaxia, que produce para esta edición o Festival de Literatura Infantil e Música na Feira do Libro “Lemos, Cantamos, Gozamos”. Hoxe luns tocará o espectáculo **Ola, ola, la**, con **Mamá Cabra**, ás 20:00 horas.

O listado de participantes comprende á **Deputación de Pontevedra, Centro Nacional de Información Xeográfica I.G.N., Libraría Espacio Lector Nobel Gran Vía (Vigo), Libraría Pedreira (Santiago), Editorial Galaxia, Libraría Libros Para Soñar (Vigo), Libraría Lafer (Vigo), Libraría Librouro (Vigo), Libraría Cartabón (Vigo), Libraría Mendinho (Vigo), Consorcio Editorial Galego, Libraría Andel do Libro Galego e Portugués, Libraría Cao (Pontevedra), Lector Libro, Libraría Universitaria Martín Códax (Vigo), e Biblioteca Neira Vilas.**

Tamén hai unha caseta para **Punto de Información** e unha **Ágora de Actividades**.

A Federación de Librarías de Galicia, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organiza esta xeira de feiras. O concello de Vigo colabora coa cita olívica.

A Feira viguesa é a sexta das 11 que conforman o calendario oficial de feiras do libro novo que organiza a Federación de Librarías de Galicia. A continuación chegará **A Coruña**, do 1 ao 11 de agosto; **Viveiro**, entre o 13 e o 16 de agosto; **Foz**, do 17 ao 20 de agosto; **Monforte de Lemos**, entre o 21 e o 24 de agosto; e a última parada será en **Rianxo**, do 25 ao 28 de agosto.

<http://www.feirasdolibro.com>

+ INFORMACIÓN: Luís Cividanes González · T: 981 93 53 45 · 662 12 63 98 · M:  
[info@librarias.org](mailto:info@librarias.org) · [prensa@trevisani.es](mailto:prensa@trevisani.es)  
[facebook.com/feirasdolibrogalicia](https://www.facebook.com/feirasdolibrogalicia) Twitter: [@feirasdolibro](https://twitter.com/feirasdolibro)

## 39 FEIRA DO LIBRO DE OURENSE

Do 28 de xuño ao 7 de xullo

### Día 1. Luns.

- 12.30 Actividade infantil. Contacontos 0 a 3 anos. **Canta conto, conto canta** interpretado por **Avoa Youja**.
- 18.15 Presentación do libro infantil **O carballo**, de **Carlos Silvar**, publicado por Baía Edicións. O autor, que nos explicará **como debuxar unha árbore**, estará acompañado por Miguel Ángel Fernández Martínez, do grupo naturista Vacaloura e autor da Guía de libélulas de Galicia e Belén López Vázquez.
- 19.00 O escritor Isaac Otero asinará exemplares do seu libro **Pensamiento azul, pensamiento naranja**, publicado pola deputación provincial de Pontevedra.
- 19.00 A cantante **Uxía** asinará na caseta de Martín Códax Libraría Universitaria.
- 19.00 **As marionetas do mundo e os mundos de Barriga Verde**. Charla coloquio sobre os títeres galegos realizada por **Comba Campoy**, investigadora sobre a tradición de títeres galegos e **Anxo García**, titiriteiro e recuperador do espectáculo de Barriga Verde.
- Presentación do DVD – libro **Morreu o demo, acabouse a peseta**, publicados pola Asociación Cultural Morreu o Demo.
- 20.00 O escritor **Xabier Correa Corredoira**, presenta **Resina de poliéster**, publicado por Baía Edicións. Xunto co autor, participará o escritor Francisco Fernández Naval e a directora da editorial, Belén López Vázquez.
- 20.00 **Lemos, cantamos, gozamos**. Festival de música e literatura infantil. **Ola, ola, la**, con **Mamá Cabra**.
- 21.00 Presentación da nova **Plataforma de comunicación enogastronómica: [www.benbo.eu](http://www.benbo.eu) e Revista BenBo**. Participan no acto **Miguel Vila**, director gastronómico, **Tono Mugico**, de produción e edición e **Ana Trevisani**, directora comercial en Galicia do Forum Gastronómico.

### Día 2. Martes.

- 12.30 Actividade infantil. Obradoiro de reciclaxe **O baúl animado**, realizado por Cucarandainas.
- 19.00 Presentación do libro **Faneca Brava**, de **Manuel Portas**, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Participan no acto Manuel Bragado, director da editorial e o autor do libro.
- 19.30 Sinatura – encontro cos lectores de **Dragal** (a serie do dragón galego), de **Elena Gallego Abad**.
- 20.00 Lectura de **As voces baixas** de **Manuel Rivas**. Ao remate, o autor asinará exemplares dos seus libros.
- 20.00 **Lemos, cantamos, gozamos**. Festival de música e literatura infantil. **Cantaruxa coa Bruxa Maruxa**, con Uxía.
- 21.00 Recital de poesía de **Rosa M<sup>a</sup> González Álvarez**, acompañada ao teclado por **Freddy Miguel Novoa**.

### Día 3. Mércores.

- 12.30 Actividade infantil. **Os contos da fraga**. Relatos arredor do noso medio ambiente a cargo do narrador e músico **Servando Barreiro**.
- 18.30 O escritor **Agustín Fernández Paz**, asinará exemplares das súas obras.
- 19.00 **Iago Santos Castroviejo** asinará na caseta de Martín Códax Libraría Universitaria.
- 19.00 Presentación do libro **Cartas de inverno**, novela gráfica de **Antonio Seijas**, publicada por Edicións Xerais de Galicia. Participan no acto Agustín Fernández Paz, Manuel Bragado e o autor.
- 19.30 O escritor **Xabier Paz** asinará exemplares do seu libro **As vidas de Nito**, publicado por Edicións Xerais.



- 20.00 Presentación do libro *Inmateriais*, de **Suso de Toro**, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Participan no acto Manuel Bragado e o autor.
- 20.00 **Lemos, cantamos, gozamos.** Festival de música e literatura infantil. *Animais en Cantadores*, con **Susa Herrera**.
- 21.00 Recital do grupo poético *Brétema*, de Vigo.

#### Día 4. Xoves.

- 12.30 Actividade infantil. A Compañía de Teatro **O Titiribaile** presenta o seu espectacular contacontos *La fábrica de cuentos*.
- 19.00 Sesión de lectura polos membros do proxecto de voluntariado cultural a través da lectura, do concello de Vigo *¡Pasen i escoiten! ¡Pasen i lean!*
- 20.00 **Lemos, cantamos, gozamos.** Festival de música e literatura infantil. *A nena e o grilo nun barquiño*, de **Magín Blanco**.
- 20.00 Presentación do libro *Bícame Frank* de **Miguel Anxo Fernández**, publicado por Editorial Galaxia. Xunto co autor, participarán no acto Carlos Lema e Gustavo Garrido.
- 21.00 Cándido Pazó na feira do libro, co seu espectáculo *Historias de sempre para xente de agora*.

#### Día 5. Venres.

- 12.30 Actividade infantil. **A Xanela do Maxín** presenta o seu espectáculo para nenos *Os libros do titiriteiro*
- 19.00 Presentación do libro *O señor corpo quere xogar*, de Alicia Borrás Sanjurjo, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Participan no acto Manuel Bragado e a autora do libro.
- 19.00 **María Reimóndez** asinará na caseta de Martín Codax Libraría Universitaria.
- 19.30 O escritor **Marcos Calveiro** asinará exemplares dos seus libros.
- 20.00 *A noite no deserto*. Un diálogo sobre a novela e a construción da memoria, con **Chisco Fernández Naval**, autor de *Noite branca*, publicado por Edicións Xerais de Galicia, gañadora do Premio Irmandade do Libro 2012 ao libro do ano e **Antón Riveiro Coello**, autor de *Laura no deserto*, publicado por Editorial Galaxia.
- 20.00 **Lemos, cantamos, gozamos.** Festival de música e literatura infantil. *Bicos de música*, con **Mamá Cabra**. *De roda en roda*. Obradoiro de música traicional.
- 21.00 **Teatro Antroido** representa *Vida e obra de Roberto Vidal Bolaño*, charla posta en escena entre a actriz **Laura Ponte** e o dramaturgo e fillo do autor, **Roi Vidal Ponte**.

#### Día 6. Sábado.

- 12.30 Actividade infantil. *As dúbidas dos animais*. Divertido contacontos a cargo de **Fátima**.
- 19.00 A escritora **Magdalena del Amo**, presenta o seu libro *La dignidad de la vida humana*, publicado por La Regla de Oro Ediciones.
- 19.00 O ilustrador **Federico Fernández** asinará na caseta de Libros Para Soñar.
- 19.30 **Luís Anguita Juega** asinará exemplares do seu libro *Donde está tu destino*, publicado por Ediciones Carena.
- 20.00 Presentación do libro *Bágoa de Lúa*, primeiro da triloxía *As crónicas de Landeleira*, de Sabela González, publicado por Editorial Galaxia. Xunto coa autora do libro, intervirán Leticia Costas e Francisco Castro.
- 21.00 **Encontro de Fantasía Galega con Contos Extraños e Urco Editora**, coa presentación das obras *Magumaba*, de Fabián Plaza (Contos Extraños), *O mundo secreto de Basilius Hoffman*, de Fernando M. Cimadevila (Urco Editora), *Galiza mutante: Poder Nuclear*, de Tomás González Ahola (Contos Extraños/Urco Editora), *As*



*crónicas de Bran: A revolta dos mestres*, de Xosé Duncan (Contos Extraños), *A xanela insólita*, de Jorge Emilio Bóveda (Urco Editora), *Ninguén lembra*, de Vanesa Santiago Vázquez (Urco Editora) e *Contos de soños e sombras*, de Ariza Piñeiro (Urco Editora).

#### Día 7. Domingo.

- 12.30 Actividade infantil. Sorprendente actuación do **Mago Toño** co seu espectáculo **Gravidade cero**.
- 19.00 Presentación do libro **Cociñando coas razas autóctonas**, de Rocío Garrido Caramés (receitas) e o Equipo Técnico da Federación de Razas Autóctonas de Galicia – BOAGA.
- 19.00 A ilustradora **Olalla González** asinará na caseta de Libros Para Soñar.
- 20.00 Presentación do libro **As pontes do ego sum**, de **José Manuel Ledo**, publicado por Editorial Ir Indo. Xunto co autor, participará no acto Xelasio Suárez Santiso.
- 21.00 Rematamos a feira con humor. **Contos das 3.651 noites**. Divertidos relatos para todos os públicos a cargo de **Lois Pérez**.
- 22.00 Peche da feira do libro.

#### FESTIVAL DE LITERATURA INFANTIL E MÚSICA NA FEIRA DO LIBRO

##### LEAMOS, CANTAMOS, GOZAMOS (Producción de Editorial Galaxia)

#### Día 1 de xullo. Luns.

20.00 Actuación do grupo **Mamá Cabra**. *Ola ,ola, la*

#### Día 2 de xullo. Martes

20.00 Actuación de **Uxía**. *A bruxa Maruxa. (Do libro-DVD María Fumaça)*.

#### Día 3 de xullo. Mércores

20.00 Actuación de **Susa Herrera**. *Animais encantados*

#### Día 4 de xullo. Xoves.

20.00 Actuación de **Magín Blanco**. *A nena e o grilo nun barquiño*.

#### Día 5 de xullo. Venres.

20.00 Actuación de **Mamá Cabra**. *Bicos de música*.



#### PARTICIPANTES

1. Deputación Provincial de Pontevedra
2. Centro Nacional de Información Geográfica – I.G.N.
3. Librería Espacio Lector Nobel Gran Vía. Vigo.
4. Librería Pedreira. Santiago.
5. Editorial Galaxia.
6. Librería Libros Para Soñar. Vigo.
7. Librería Lafer. Vigo.
8. Librería Librouro. Vigo.
9. Librería Cartabón. Vigo.
10. Librería Mendinho. Vigo.
11. Consorcio Editorial Galego
12. Librería Andel do Libro Galego e Portugués.
13. Librería Cao. Pontevedra.
14. Lector Libro.
15. Librería Universitaria Martín Códax. Vigo
16. Biblioteca Neira Vilas.

#### HORARIO

Mañás: De 12.00 a 14.00 horas - Tardes: De 18.00 a 22.00 horas

#### COLABORADORES

Concello de Vigo

<http://www.feirasdolibro.com>

+ INFORMACIÓN: Luís Cividanes González · T: 981 93 53 45 · 662 12 63 98 · M:  
[info@librarias.org](mailto:info@librarias.org) · [prensa@revisani.es](mailto:prensa@revisani.es)  
[facebook.com/feirasdolibrogalicia](https://www.facebook.com/feirasdolibrogalicia) Twitter: [@feirasdolibro](https://twitter.com/feirasdolibro)